

## “Outono en Pena Trevinca e Caldesiños. Entre bosques, turbeiras de montaña e as médulas galegas. ”

27, 28 de outubro de 2018

### PROGRAMA

#### Sábado, 27

9h **Saída**

O punto de encontro será a saída da autovía 294, Pontearreas.

12h **Ruta “O Val glaciar da Morteira”**

Ruta linear-circular. 12 Km      Dificultade, moderada-alta      Altitude. 1100m-1600m

Ruta completa de elevado impacto xeolóxico, botánico, paisaxístico.

Coa ollada dos grandes cumios de Pena Trevinca, o percorrido presenta unha gran diversidade de ambientes.

Así, o Val glaciar, perfecto, acubilla masas boscosas de rebolos cos seus estratos ben perfilados. Gándaras e turbeiras con comunidades vexetais de ericáceas (tetralix, umbellata) e droseras. Bosquetes de bidueiros monoespecíficos e bosques de ribeira.

E mudan, e enriquecen estas imaxes, o mato de uz vermella e a carqueixa e a amplitude das pradarias de montaña das estéticas *Agrostis* e *Nardus*.

18,30h **Descanso**

19,30h **Hospedaxe**

21h **Cea**

#### Domingo, 29

9,30h **Ruta “As Médulas de Caldesiños”**

Ruta circular. 7km      Dificultade, Baixa      Altitude. 700m-800m

Entre os ríos Bibei e Camba, un paseo fermoso de interese histórico-paisaxístico. Así, entre soutos de castiñeiros, aparece unha solo arxiloso, laranxa e vermello, con cráteres, e salferido, acó e acolá, por carballeiras. Son as Médulas, Borreas ou Barreiras de Caldesiños, froito da predación e da explotación do ouro cobizado polo imperio Romano.

Para non perdermos..

14h **Xantar**

16h **“A ovella no pasto de montaña. A gandeiría ecolóxica”**

Visita aos pastos de montaña onde se reconforta a Raza de Ovella Galega. Alí, observaremos o manexo dunha raza de gando ovino a piques de se extinguir.

17,30h **Remate**